



VOZ NATURA

BOLETÍN 1.- INVERNADOIRO

NOVEMBRO 2011

Compost: Que é e cómo fabricar compost?


Para facer compost pódese aproveitaros restos vexetais do xardín e do fogar en vez de tiralos ao lixo. O compost é un abono orgánico que servirá **para mellorar a terra do xardín, invernadoiro, macetas... e para alimentar as plantas.**

Por cada 100 kg de restos orgánicos pódese obter 30 kg de abono.

1. Qué necesito inicialmente para facer compost?

A forma máis elemental é facer un montón no xardín ou usar un **composteiro**. Poden ser de distintos materiais (plástico, resina, térmicos, etc.) e tamaños diversos.

Ademáis precisaremos **ferramentas para voltear, tesoiras de poda** para cortar pólas e unha **pa** para extraer o compost feito.



2. Onde ubico o composteiro?

Deberá pousarse **directamente sobre a terra.**

Na sombra estará **mellor que ao sol**, xa que se non, teríamos que regalo con frecuencia para manter a humidade.



Compostador jardín

3. Que podo botar no composteiro?

Do xardín:

Follas, céspede, hortalizas, palla utilizada como acolchado, pólas podadas ou mellor trituradas, serraduras, etc.

Do fogar:

Cinzas, pousos do café o de té, infusións co papel incluído, cáscaras de ovo, froitas, verduras y hortalizas, periódicos non impresos en cor, iogures caducados, tapóns de cortiza, papel de cociña, aceite de aliñar, pelos, etc.

4. Que non debo botar?

• Carne, osos e pescado → Produce mal olor.

INVERNADOIRO – VOZ NATURA

- Plantas e froitos enfermos ou gran cantidade de vexetais podridos → Producen mal olor e putrefacción.
- Os excrementos de animais domésticos e de persoas → Leva patóxenos.
- Cinza e serraduras de madeira tratada ou aglomerados. Colas e vernices → Isto é moi tóxico.
- O lixo de pasar a vasoira → leva metais pesados.
- Calquera material que non sexa orgánico e biodegradable: plásticos, vidro, etc..

5. Como se procede ao compostaxe de xardín?

Trátase de que as follas, pólas, céspede, cinzas, etc. sexan **atacadas por microorganismos (bacterias e fungos) e se descompoñan**, transformándose así noutro material con características distintas ao orixinal e moi bo para el chan e as plantas.

- A capa inferior faise con pólas máis gordas e piñas (30 cm).
- Mesturar varias capas de herba con residuos de cortiza, podas de talos e papel. Pódese agregar capas de esterco de compostaxes anteriores como activador.
- A continuación, régase.
- Os ocos de **ventilación e aberturas** dos composteiros non deben estar cerrados hermeticamente
- Existen activadores que axudan a iniciar o proceso. Tamén é positivo engadir miñocas xa que axudan ao proceso.
- A mestura débese controlar e airear, removendo, polo menos unha vez ao mes.
- O proceso rematará en 3 ou 6 meses segundo sexa verán ou inverno.

6. Como sei se algo no vai ben na elaboración do compost?

- **Se dá olor a amoníaco** débese engadir materia seca (follas secas) e voltear.
- **Se dá olor a podrido** débese engadir materia seca e voltear.
- **Se o compostador está cheo de materia seca e fría, débese** mezclar con restos de cociña verdes e voltear.
- **Se a mezcla non evoluciona**, incorporar **cal** ao conxunto.

